

ct

# Relato para un incendio

de  
Ernesto Is

*(fragmento en galego)*

Unha peza de teatro documental baseada en feitos reais  
e nos estudos do antropólogo danés Gustav Henningsen

BOLSA DE DRAMATURXIA E CREACIÓN



## PRÓLOGO

*Ao facerse a luz na escena, a ACTRIZ MAIOR atópase sentada diante da mesa, practicamente inmóbil. O ACTOR entra e ocupa o centro do escenario. Entre eles dous non se establece ningún tipo de interacción.*

## CARL THEODOR DREYER

*(Ao micrófono)* Existe entre a obra de arte e o artista tal semellanza que, do mesmo xeito que se fala da alma do ser humano, podemos falar tamén da alma, da personalidade, dunha obra de arte. A alma maniféstase a través do estilo que, sendo o catalizador da inspiración poética de calquera artista, reflicte o modo con que aquel, ou aquela, expresa a materia que trata. O estilo é inseparable da obra de arte acabada. Penétraa, invádea e, porén, permanece en cada momento invisible como algo que non se deixa comprobar. O artista, a artista, sabe que a primeira condición para chegar a ser tal é coñecer e dominar o seu oficio. *(Pausa)* Todos os que se achegaron ás miñas obras recoñecerán, dalgunha forma, que para min a técnica é un medio e non un fin e que o meu fin foi sempre facer vivir ao espectador unha experiencia que o enriqueza no silencio do seu interior. Porque, non é certo que os grandes dramas da humanidade se desenvolven en silencio? *(Pausa)* En toda arte, o elemento fundamental é sempre o ser humano. Home ou muller, agocha os seus sentimentos e trata de evitar que o seu rostro amose a tempestade que os axita por dentro. A tensión incúbase baixo a superficie e non se desencadea ata o día que sobrevén a catástrofe. As máis grandes traxedias desencadéanse, case sempre, dun xeito ben pouco dramático, diría incluso prosaico; que é, talvez, o aspecto máis tráxico da traxedia. Mais, o realismo en si non é arte. O que vale é a verdade artística, é dicir, a verdade liberada de todo elemento innecesario. A verdade filtrada da mente dun artista. No noso oficio, non temos que interesarnos polas cousas que pertencen ao ámbito do real, senón pola esencia que hai dentro e detrás desas cousas. O que acontece sobre estas táboas, o que se proxecta nunha pantalla de cinema ou se escribe nas páxinas dunha novela, non é realidade, nin debe selo. Se o fose, non sería arte.

*As imaxes dun bosque proxéctanse no fondo de tea. Entra a ACTRIZ NOVA.*

## ACTRIZ NOVA

Boa noite. Moitas grazas por acompañarnos. Voulles pedir varias cousas antes de empezar. A primeira é que, por favor, apaguen os seus teléfonos móbiles. Tómense o tempo que precisen para desconectalos por completo, si? Poderían interferir no sistema de son e vídeo do espectáculo, así que asegúrense ben de que non lles queden acendidos. Están apagados? Entón, xa podemos comezar. Grazas. Ben, gustaríame que imaxinen que non estamos aquí, senón en Copenhague, a principios do mes de decembro do ano 1943. Quero aclararlles que o espazo principal desta historia é este mesmo teatro onde ten lugar a representación. Aínda que por momentos pareza que estamos na comarca de Ordes —concretamente na parroquia de Ardemil e no concello de Cerceda—, nas cidades da Coruña e de Copenhague e no Santuario lalinense da Nosa Señora do Corpiño, estas só serán localizacións insinuadas na ficción. Entenden? Como lles dicía, estamos en Copenhague, no inverno de 1943. Que saben de Copenhague? Capital de Dinamarca. Frío. Sereíña. Vento. Contos de Andersen. Galletas no interior dunha caixa metálica. *(Pausa)* Por favor, crean que estamos alí e crean, tamén, que o compañeiro que se sitúa ás miñas costas é o director dinamarqués Carl Theodor

Dreyer, autor de grandes obras da historia do cinema coma *Ordet*, *Dies Irae*, *Vampyr* ou *La Passion de Jeanne d'Arc*. Alguén viu algún destes fantásticos filmes? Non? Si? Como lles dicía, estamos na capital de Dinamarca e asistimos á conferencia que Dreyer acaba de impartir á Asociación de Estudantes da Universidade sobre a arte cinematográfica en xeral e o seu estilo en particular. Agora, se fan o favor, voules pedir que ollen para o outro extremo do escenario. Quero propoñerlles un novo exercicio de imaxinación. Pensen que a compañeira que senta diante da mesa, en silencio e coas mans apoiadas sobre a madeira, non é unha actriz, senón unha muller común, a típica muller que todas e todos nós coñecemos, unha muller que ben podería ser a nosa nai ou a nosa tía, o estereotipo xornalístico da veciña que sempre saúda. Ollen para o seu rostro. Contemplan a expresión que se debuxa nos pregos da súa cara. Fiten para a súa boca, para as súas engurras, para a súa mirada. Alguén pode aventurarse a descifrar que é o que agocha ese sorriso? *(Pausa)* Neste preciso momento, mentres eu falo, ela está nunha cela do Centro Penal de Teixeira, en Curtis, provincia da Coruña. Agora xa non é o frío nórdico o que ambienta esta escena, senón a histórica calor que acadamos no territorio galego durante o mes de agosto do ano 2016. “A Leiteira” —como é coñecida entre a súa veciñanza— atópase en prisión preventiva á espera de xuízo, acusada de queimar os bosques de Cerceda, o concello do que é natural e onde vive coa súa familia. Mellor dito, vivía; porque, como lles acabo de dicir, esta ex gandeira está encarcerada despois de que a Garda Civil a pillase *in fraganti* prendendo lume. Esa foi a súa gran obra: hectáreas de monte arrasadas. Por que o fixo? Ben, precisamente para iso estamos hoxe aquí. Para intentar alumar as zonas ambiguas deste relato. *(Pausa)* Entre Dreyer e ela, entre as illas danesas e as fragas galegas, entre os mitos escandinavos e as lendas da nosa terra, entre a realidade e a superstición, entre a destrución e a preservación, desenvólvese a historia que imos tratar de reconstruír esta noite. Unha historia que forma parte da gran historia de Galicia. Da historia dun incendio.

*O bosque comeza a arder na proxección e, sobre el, superponse o título da peza:*

Relato para un incendio

*As imaxes desaparecen do fondo, que fica en negro, e a intensidade da luz baixa.*

ACTRIZ MAIOR

*(Cantando)* Home de fóra, que trepas na lama, / márchate hoxe e volve mañana. / Ai, ron, ron! / Ai, hoxe non! / Hoxe non poido, que non estou de xeito, / que está o pai do meniño no eito. / Ai, ron, ron! / Ai, hoxe non! / Home de fóra, de malo entender, / colle o camiño para mañana volver... / Ai, ron, ron! / Ai, hoxe non!